

OS PERSONAXES

O amor valente e xeneroso do príncipe **Calaf**, capaz de vencer a severa resistencia do orgullo estéril e o egoísmo de Turandot, constitúe a trama argumental da última ópera de Giacomo Puccini.

Figura trágica desposuída de calquera concreción sentimental, como un símbolo da inhumanidade, **Turandot** eríxese na executora trágica dunha sacra misión de vinganza. Unha deusa da destrución para quen o amor non pode ser máis ca unha rendición, pero que ao final regresa ao humano nun dúo imposible. Encarna o rol impersoal e desapiadado da autoridade que se exerce de forma case ritual, case sen crueldade, porque a crueldade é tamén un sentimento humano e todo o humano e alleo ao personaxe.

Os enigmas que lle impón ao príncipe que aspira á súa man acaban definindo perfectamente a súa psicoloxía: todos se refiren á soidade como unha encarnación do destino fatal de Turandot. A resposta ao primeiro enigma é a esperanza, que se desvanece á alba deixando un amargo sabor de decepción. O sangue, resposta ao segundo enigma, descríbese como febre, ardor, delirio e luz abrasadora que xorde ao declinar o día, metáfora desas noites solitarias.

O **coro** adquire aquí un rango dramático esencial. É o coro dunha traxedia clásica que comenta as peripecias do drama, cando non se converte en epicentro mesmo da acción.

Ping, Pang e Pong son criaturas grotescas, ácidas e sinistras, que evocan unha Corte en decadencia, sádica e macabra, de maneira idéntica ás máscaras que satirizaban os costumes e as institucións venecianas do século XVIII. Non hai ningún intento de verosimilitude da estampa oriental. É un Oriente visto como un lugar inexplorado, salvaxe, cruel, hostil e fascinante. Unha civilización estraña e afastada no tempo, onde reina un clima desapiadado e ritual que serve de marco á historia.

A doce figura de Liù é unha auténtica contrafigura de Turandot, a vítima sacrificada que afronta o suicidio para que o home que ama con paixón sincera triunfe sobre o desprezo distante da princesa.

(Extraído do artigo de Joan Matabosch, director artístico do Teatro Real, para o programa de man)



TURANDOT

Drama lírico en tres actos

**Música de Giacomo Puccini (1858-1924),
finalizada por Franco Alfano (1875-1954)**

Libreto de Giuseppe Adami e Renato Simoni,
baseado na fábula homónima de Carlo Gozzi

Estreada no Teatro alla Scala de Milán, o 25
de abril de 1926

EQUIPO ARTÍSTICO

Nicola Luisotti

Director musical
Director de escena,
escenógrafo e iluminador

Robert Wilson

ELENCO

Anna Pirozzi

Vicenç Esteve

Liang Li

Michael Fabiano

Ruth Iniesta

Germán Olvera

Moisés Marín

Mikeldi Atxalandabaso

Gerardo Bullón

**Coro e orquesta titulares do Teatro Real
Pequenos Cantores da Comunidade de Madrid**

EDICIÓN MUSICAL

Música de G. Puccini e libreto de G. Adami e R. Simoni. Último dúo e escena final compostos por Franco Alfano segundo anotacións de Puccini. Casa Ricordi, S.r.l., Milán. Editores e propietarios

DURACIÓN APROXIMADA

Actos I e II: 1 hora e 20 minutos

Pausa

Acto III: 40 minutos

ARGUMENTO

ACTO I

O sol ponse sobre o palacio imperial en Pequín. Un mandarín declara que calquera príncipe que desexe casar coa princesa Turandot terá que resolver os seus tres enigmas. Aos que fallen cortaráselles a cabeza. No tumulto, a escrava Liù pide axuda para levantar o seu señor, Timur, caído no chan. Un novo príncipe descoñecido axúdaos e recoñece a Timur como o seu pai. Ambos, disfrazados, víronse obrigados a fuxir do seu país natal. Só Liù permaneceu á beira de Timur por amor ao príncipe. O descoñecido maldí a cruel Turandot, pero cando ela aparece namórase da súa fría beleza e decide enfrontarse aos enigmas. Timur e Liù suplicanlle que non arrisque a súa vida, pero o seu corazón arde de desexo.

ACTO II

Ping, Pang e Pong, ministros do emperador, están aburridos da súa vida na Corte. Soñan cunha vida máis sinxela nas súas facendas rurais, lonxe da princesa. O emperador tenta disuadir o príncipe descoñecido, pero el insiste e abandónao ao seu destino. Turandot explica a razón da súa crueldade. A súa antepasada Lo-u-ling foi violada e asasinada por un príncipe tártaro. En vinganza, resolve quitarlle a vida a calquera home que desexe facela súa. Tenta disuadir o seu novo pretendente e expón os seus tres enigmas. O príncipe resólveos todos. Turandot rógalle ao seu pai que non a entregue a este estranxeiro. Por mágoa, o príncipe ofrécelle á princesa a súa cabeza se ela descobre cal é o seu nome antes do amencer. Turandot acepta o reto.

ACTO III

O príncipe descoñecido está só pola noite nos xardíns de palacio. Sabe que a súa identidade está segura. Ping, Pang e Pong levan a Timur e a Liù ante o príncipe, víronos con el e cren que coñecen a súa identidade. Liù confesa que só ela o sabe. Tortúrana, pero négase a falar, colle o puñal dun garda e suicídase. Abatido, o príncipe ofrécelle a súa vida a Turandot e revela o seu nome: Calaf. Co destino do príncipe nas súas mans, Turandot alborózase. Na praza do palacio, Turandot anuncia que descubriu o nome, pero en lugar de entregarllo ao verdugo ela declara: «O seu nome é Amor!».